




CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

Programa Turismo del Imserso 2024-2025



Está aberto o prazo para *solicitar praza no programa de Turismo do Imserso temporada 2024/2025* (*BOE núm. 151, do 22 de xuño de 2024*)

Requisitos das persoas usuarias. Poderán participar no programa:

A) As persoas residentes en España que reúnan algún dos seguintes requisitos:

- Ser pensionistas de xubilación do Sistema de Seguridade Social español.
- Ser pensionista de viuvez da seguridade social español con 55 anos cumpridos.
- Ser pensionistas por outros conceptos del sistema da Seguridade Social español, ou perceptor de prestacións ou subsidios de desemprego, con 60 anos cumpridos.
- Ser asegurado o beneficiario do sistema da Seguridade Social español con 65 anos cumpridos.

B) Os españois residentes no estranxeiro sempre que reúnan os requisitos do apartado A).

C) Os emigrantes retornados a España sempre que sexan pensionistas dos sistemas públicos da Seguridade Social do país ou países aos que emigraron.

As/os cónxuxes, parellas de feito ou persoas coas que constitúan unha unión estable con análoga relación á conxugal, non precisan reunir os requisitos de idade nin pensión. Poderán ir acompañados dos fillos/as con discapacidade cun grao igual ou superior o 45 %, sempre que viaxen cos pais, compartan habitación ou abonen o suplemento establecido para habitacións individuais sempre que haxa dispoñibilidade de prazas.

Destinos:

- **Opción A:** Zona Costeira Peninsular.
- **Opción B:** Zona Costeira Insular.
- **Opción C:** Turismo de Escapada: circuitos culturais; turismo de natureza; capitales de provincia; cidades de Ceuta e Melilla.

Prazo: **do 1 ao 22 de xullo de 2024**, preferiblemente por medios electrónicos na sede electrónica do Imserso <https://sede.imserso.gob.es>. ou por outros medios. Para máis información nos Servizos Sociais do Concello no teléf.: **981 73 70 04**.

Camariñas, 27 de xuño de 2024
A concelleira de Servizos Sociais e Igualdade
Begoña Tajés Méndez